

Comunicado sobre a suba da taxa de recollida do lixo

QUE PASA EN REDONDELA CON URBASER? QUE PASA COS SERVICIOS MUNICIPALES PRIVATIZADOS?

Chegáronnos varias queixas da veciñanza sobre a suba da taxa da recollida do lixo, nas que nos transmitiron que pasaron de pagar a cota reducida a pagar a cota normal. A maioría destas reclamacións veñen porque non tiveron recollida diaria no ano 2014 ou porque viven a máis de 100 metros do contedor máis próximo, ou por unha combinación das dúas causas.

O que di a ordenanza fiscal publicada na páxina web do Concello:

1) Recollida e tratamento do lixo:

1.1 Vivendas

1.1.1. Cuota normal (servizo diario): 71 euros/ano.

1.1.2. Cuota reducida (servizo non diario): 35 euros/ano.

1.2.4. A cuota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.

Vistas as resolucións de alcaldía denegando aos usuarios o pago da cota reducida, deducimos que:

1) No caso de vivir a máis de 100 metros da zona de recollida, o Concello interpreta como zona de recollida a parroquia, barrio,... e non o contedor máis próximo á vivenda ou establecemento do usuario.

2) No caso de servizo non diario, interpretan que a veciñanza que alega esta causa non di a verdade, e que o lixo estase a recoller diariamente; ou sexa, acreditan na palabra de Urbaser e non a da veciñanza.

Temos coñecemento dun caso moi curioso. Un grupo de veciños que vive a máis de 100 metros do contedor máis próximo e que non tiñan servizo diario, fixeron a correspondente reclamación cando lles chegou o aumento da taxa. A reclamación veulle denegada. Iso si, **a partir da primeira reclamación,**

procederon a pasar a recoller o lixo a diario; cousa que ningún veciño pediu por non ser necesario nesa zona (os contedores non ían nin medio cheos) e polo tanto, un aumento do gasto innecesario. Ou sexa, URBASER estivo recollendo o lixo tres días a semana en contedores que non ían cheos, e ante a reclamación, pasa a recollelo diariamente a finais do ano 2014. O Concello fai caso omiso desta información e denega a reclamación dos veciños

Estes camiños pasaron sen previo aviso nin consulta a veciñanza, de xeito unilateral, ou ben a criterio do concello ou ben da empresa concesionaria, de servizo alterno (tres días á semana) a diario (6 días).

Os veciños destas zonas invitan aos representantes do Concello a que comprobem por eles mesmos que dita recollida diaria nestas zonas non é necesaria, visto o pouco contido que levan os contedores.

Por outra parte, o que se está reclamando é que o pago da recollida do lixo DO ANO 2014 sexa polo servizo que se lles deu, que foi o de 3 días/semana. Solicítase a Urbaser que confirme que realmente este foi o servizo ofertado.

Sobre este tema preguntamos no Consello Parroquial de Cedeira do 27/08/2014, así consta na acta:

“[...] o Concelleiro do Grupo Municipal de A.E.R., BLANCO PÉREZ, pregunta que pasa cos recibos do lixo, que nalgúns casos se cambiou a dirección, e o importe (algúns contribuíntes pasaron a pagar máis), antes a algúns cidadáns non se lle pasaba e agora si, pregunta como está o tema.


Respóstalle a Presidencia que non se subiu nada a taxa municipal por dito servizo, o que si se fixo foi, que se está actualizando o Padrón Municipal. Se está revisando xunto coa empresa concesionaria URBASER, todas as vivendas de Redondela, as que non pagaban pasan a pagar e as que pagaban por servizo alterno, se se comprobou que o servizo era diario, varía o tipo de taxa se é dun xeito ou de outro, pero recalca que o prezo do servizo, non sufriu incremento. Continúa a Sra. Ana Alonso Alonso manifestando que o importante é detectar os usuarios que non pagaban e dalos de alta. Remata sinalando que estas modificacións non van a sufrir efectos retroactivos.

O representante da AA.VV. XXX con respecto ao tema da recollida do lixo sinala que en Canabal non pasa o servizo diariamente e a algúns veciños lle cobran a taxa como se así fose. Hai que comprobar os planos con Urbaser e Medio Ambiente e facer as rectificacións oportunas.”

O que si falta nestas zonas son contedores de reciclaxe. Debe ser que como isto non implica un aumento da taxa, non debe ser necesario colocalos.

Os membros do equipo de goberno deberían saber que canto máis e mellor reciclamos menos paga o Concello pola recollida. Polo menos isto contaban na campaña de concienciación que se fixo a carón do Concello.

Axuntamos dúas resolucións de alcaldía contestando a dúas reclamacións:





CONCELLO DE REDONDELA

Rfa.- Xestión Tributaria

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alega que a recollida non é diaria ademais non hai contedores suficientes , tendo que levar o lixo a rua Rabadeira, co conseguinte risco o carecer de aceras, xa que logo,, a taxa a aplicar debe ser a dos anos anteriores.

Tendo en conta que segundo datos obrantes no Departamento de Xestión Tributaria o servizo nesa zona é diario ou atopase no radiode acción do servizo diario. E de

conformidade ca Ordenanza Fiscal da Taxa por recollida de lixo do Concello de Redondela que establece no seu Artigo 7.- Devengo "Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario e nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa. Establecido o funcionamento do referido servizo, as cotas devengarase no primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa, ou no seu caso, na data que se realice o feito imposible".

Resolvo:

Único: Desestimar a reclamación formulada por [REDACTED] en cando a rectificación de recibo de [REDACTED] ao existir a obrigatoriedade de satisfacer a taxa por recollida de lixo por todas as vivendas en tanto o servizo estea establecido, por ser de recepción obrigatoria.

Redondela, 12/11/2014
Alcalde
Asdo: Javier Bas Corugeira